

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

TEMA 7- LEI 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

1. De acordo co disposto no artigo 1, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no obxecto da lei recóllese:

- a) A regulación do exercicio da potestade regulamentaria.
- b) A regulación do exercicio de poderes da comunidade autónoma.
- c) O impulso da organización da participación da cidadanía nos asuntos públicos.

2. Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Está integrada por consellerías que actúan con personalidade xurídica única, dirixidas polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Está integrada por consellerías e entidades públicas instrumentais dependentes que desenvolven as funcións que determine a acción de goberno.
- c) Constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única.

3. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no caso de que un órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia delegue o exercicio de competencias nun órgano dunha entidade instrumental do sector autonómico, tal delegación:

- a) Deberá ser previamente aprobada, se os houbese, polos órganos dos que dependan o órgano delegante e o órgano delegado, agás que o delegante sexa o titular da consellería de adscrición da entidade instrumental, caso en que abundará coa decisión deste.
- b) Deberá ser previamente aprobada polo Consello da Xunta de Galicia.
- c) Deberá ser previamente informada polo titular da consellería con competencias en materia de administracións públicas e aprobada pola consellería de adscrición da entidade instrumental.

4. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión, a delegación de sinatura e a suplencia:

- a) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevexan en cada caso.
- b) Non supoñen alteración da titularidade da competencia nin dos elementos determinantes do seu exercicio.
- c) Non supoñen alteración dos elementos determinantes do exercicio da competencia, aínda que si da súa titularidade.



SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

5. De acordo co artigo 8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión intrasubxectiva formalizarase por medio da resolución de autorización e dos acordos que se asinen entre os órganos correspondentes unha vez autorizada a encomenda de xestión, e deberá:

- a) Ser publicada no *Boletín Oficial do Estado*, no *Diario Oficial de Galicia* e no *Diario Oficial da Unión Europea*, cando así o esixa o importe da encomenda.
- b) Ser publicada no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Ser publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

6. De acordo co artigo 11 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os titulares dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderán, en materia da súa propia competencia, delegar a sinatura das súas resolucións e dos seus actos administrativos:

- a) Nos titulares dos órganos que dependan deles.
- b) Nos órganos que designe a persoa titular da consellería.
- c) Nos procedementos de carácter sancionador.

7. Segundo o disposto no artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, contra o acordo de avocación:

- a) Non caberá recurso ordinario.
- b) Non caberá recurso, aínda que a posible ilegalidade da avocación poderá facerse valer, de ser o caso, no recurso que se interpoña contra a resolución do procedemento.
- c) Poderá interpoñerse reclamación con carácter previo ao recurso contra o acordo de avocación sobre a súa posible ilegalidade.

8. Segundo o disposto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión de actividades e servizos que sexan competencia doutras administracións públicas en favor de órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entes públicos do sector público autonómico:

- a) Requirirá a aceptación previa da consellería competente por razón da materia e será formalizada mediante a sinatura do correspondente contrato.
- b) Requirirá a aceptación previa do Consello da Xunta e será formalizada mediante a sinatura do correspondente contrato.
- c) Requirirá a aceptación previa do Consello da Xunta e será formalizada mediante a sinatura do correspondente convenio.

9. En base ao artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá encargarse a realización de tarefas a outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado por medio de convenios:

- a) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre contratación do sector público.
- b) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre convenios, cando se trate de persoas xurídicas, ou os contidos e límites da lexislación básica sobre contratación cando se trate de persoas físicas.
- c) Sempre que se trate de persoas físicas cando as tarefas teñan que realizarse con suxeición ao dereito administrativo.





SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

10. Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles. Se non se designa suplente:

- A competencia do órgano administrativo será exercida por quen designe o órgano administrativo inmediato superior do que dependa.
- A suplencia requirirá autorización previa da persoa titular da consellería competente.
- A competencia do órgano administrativo será exercida polo órgano en quen delegue a persoa titular da consellería competente.

11. En base ao disposto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos conflitos de atribucións:

- Só poderán producirse entre órganos dunha mesma consellería e serán resoltos polo superior xerárquico. Contra a resolución que resolva o conflito poderá interpoñerse recurso de alzada ante a consellería.
- Serán resoltos por acordo asinado conxuntamente cando se produzan entre órganos dunha mesma consellería, sen que caiba discrepancia ningunha.
- Os conflitos de atribucións positivos ou negativos entre órganos dunha mesma consellería serán resoltos polo superior xerárquico común no prazo de dez días hábiles sen que caiba recurso ningún.

12. En base ao disposto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos conflitos de atribucións positivos:

- O órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, sen que poida suspenderse o procedemento.
- O órgano que se considere competente remitirá as actuacións ao seu superior xerárquico, que decidirá no prazo de dez días naturais.
- O órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, o cal suspenderá o procedemento por un prazo de dez días hábiles.

13. En base ao artigo 14 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as normas contidas no título I, capítulo I, sección 3.^a, relativas aos órganos colexiados:

- Non lle serán aplicables ao Consello da Xunta nin ás súas comisións delegadas.
- Seránlle aplicables ao Consello da Xunta e ás súas comisións delegadas.
- Non lle serán aplicables ao Consello da Xunta, pero regularán o réxime de funcionamento das súas comisións delegadas.

14. Atendendo ao disposto no artigo 15 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a constitución dun órgano colexiado terá como presuposto indispensable a determinación dos seguintes aspectos na súa norma de creación. Sinale a resposta incorrecta:

- As funcións de decisión, proposta, asesoramento, seguimento e control, así como calquera outra que se lle atribúa.
- A dotación dos créditos necesarios, de ser o caso, para o seu funcionamento.
- A determinación do persoal de apoio, se é o caso, para o seu funcionamento.



SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

15. Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado correspóndelle á presidenta ou ao presidente:

- a) Desempeñar a representación do órgano, sempre que así se aprobe por maioría cualificada dos membros nos termos que se establezan nos seus estatutos.
- b) Asegurar o cumprimento das leis.
- c) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

16. Segundo o disposto no artigo 17 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os membros dun órgano colexiado:

- a) Non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este, salvo que sexan autorizados para iso pola presidenta ou presidente.
- b) Non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este en ningún caso.
- c) Non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este, salvo que expresamente lles fosen outorgadas por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

17. En base ao disposto no artigo 18 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a secretaria ou secretario dun órgano colexiado:

- a) Deberá ser un membro do propio órgano.
- b) Poderá ser un membro do propio órgano ou un empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade pública na que se integre o órgano de que se trate.
- c) Deberá ser un membro do propio órgano que teña a condición de empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

18. De conformidade co artigo 19 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá dirixirse ao secretario dun órgano colexiado para que lle sexa expedida certificación dos seus acordos:

- a) Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo.
- b) Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo, sempre que teña a condición de membro do órgano colexiado, e deberá xustificar que se trata de información precisa para o cumprimento das súas obrigas.
- c) Os membros dos órganos colexiados cando estean autorizados pola presidenta ou presidente do órgano.

19. De conformidade co artigo 20 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan:

- a) Quedarán exentos de responsabilidade cando os estatutos do órgano establezan os mecanismos adecuados para acreditar o sentido do voto.
- b) Quedarán exentos de responsabilidade cando formulen por escrito o seu desacordo no prazo de vinte e catro horas desde o momento da votación.
- c) Quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivar dos acordos.

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

20. De conformidade co artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos colexiados:

- a) Non poderán constituírse nin adoptar acordos utilizando medios electrónicos.
- b) Non poderán constituírse utilizando medios electrónicos, pero poderán adoptar acordos utilizando medios electrónicos sempre que se garanta a dispoñibilidade de medios.
- c) Poderán constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos.

21. En base ao establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos órganos colexiados consultivos:

- a) Denominaranse consellos cando teñan carácter interdepartamental.
- b) Terán carácter interdepartamental cando a súa función sexa asesorar.
- c) Os seus informes non terán carácter vinculante, agás disposición legal en sentido contrario.

22. Segundo o artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) A vicepresidencia, as consellerías, as secretarías xerais e as secretarías xerais técnicas.
- b) As secretarías xerais, as secretarías xerais técnicas e as direccións xerais.
- c) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existiren estas, e as secretarías xerais.

23. En base ao artigo 24 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cando o desenvolvemento de competencias propias da Administración xeral da Comunidade Autónoma o faga necesario, poderán crearse órganos ou unidades administrativas que exerzan a súa competencia funcional fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Tanto no ámbito territorial estatal coma no exterior.
- b) No ámbito territorial estatal, coa denominación prevista no Estatuto de autonomía.
- c) No ámbito territorial estatal para a coordinación coa Administración xeral do Estado.

24. En base ao artigo 26 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as secretarías xerais:

- a) Desenvolven e executan os plans de actuación que establezan as direccións xerais que as integran.
- b) Dirixen e coordinan as direccións xerais baixo a súa dependencia e responden ante a conselleira ou conselleiro da execución dos obxectivos fixados.
- c) Coordinan as secretarías xerais técnicas e as direccións xerais baixo a súa dependencia, cuxa dirección corresponde ás consellerías.

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

25. En base ao artigo 26 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as secretarías xerais integradas na Presidencia:

- a) Desenvolverán as súas competencias baixo a dependencia funcional da Presidencia e a dependencia orgánica da conselleira ou do conselleiro que se determine na norma de aprobación da estrutura correspondente.
- b) Desenvolverán as súas competencias baixo a dependencia orgánica da Presidencia e a dependencia funcional da conselleira ou do conselleiro que se determine na norma de aprobación da estrutura correspondente.
- c) Desenvolverán as súas competencias baixo a dependencia orgánica e funcional da conselleira ou do conselleiro que se determine na norma de aprobación da estrutura correspondente.

26. En base ao artigo 28 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, corresponde o nomeamento das persoas titulares das vicesecretarías xerais, subdireccións xerais e secretarías territoriais, a través do procedemento de libre designación:

- a) Á persoa titular da consellería con competencias en materia de Función Pública.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Función Pública, por delegación da persoa titular da consellería con competencias na materia.
- c) Á persoa titular da consellería de que dependan.

27. En base ao artigo 30 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada consellería existirán unha ou varias direccións xerais con relación xerárquica:

- a) Directa coa persoa titular da consellería, en todo caso.
- b) Directa coa persoa titular da consellería ou da secretaría xeral, de ser o caso.
- c) Directa coa persoa titular da consellería e figurarán adscritas organicamente á secretaría xeral técnica da consellería.

28. En base ao artigo 30 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, correspóndelles aos titulares das direccións xerais:

- a) Executar os plans de actuación encomendados pola secretaría xeral técnica da consellería.
- b) Nomear as persoas titulares dos órganos dependentes deles.
- c) Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre os órganos dependentes deles.

29. En base ao artigo 31 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as delegacións territoriais:

- a) Dependén organicamente da consellería competente en materia de administracións públicas e para o desenvolvemento das súas funcións contarán co apoio e coa coordinación da secretaría xeral técnica do devandito departamento.
- b) Dependén funcionalmente da consellería competente en materia de administracións públicas e para o desenvolvemento das súas funcións contarán co apoio e coa coordinación da secretaría xeral técnica do devandito departamento.
- c) En ningún caso poderán recibir directrices ou instrucións procedentes doutras consellerías.

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

30. En base ao artigo 32 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas vicesecretarías xerais:

- a) Dependem orgánica e funcionalmente das secretarías xerais.
- b) Poderán existir unha ou varias baixo a directa dependencia xerárquica das persoas titulares das secretarías xerais ou das secretarías xerais técnicas.
- c) Poderá existir unha en cada secretaría xeral técnica, con nivel orgánico de subdirección xeral.

31. En base ao artigo 33 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas subdireccións xerais:

- a) Poderán existir unha ou varias baixo a directa dependencia xerárquica das persoas titulares das secretarías xerais, secretarías xerais técnicas e direccións xerais.
- b) Poderán existir unha ou varias baixo a directa dependencia xerárquica das persoas titulares das secretarías xerais ou das secretarías xerais técnicas. Cando dependan das secretarías xerais técnicas terán a denominación de vicesecretaría xeral.
- c) Poderán existir unha ou varias baixo a directa dependencia xerárquica das persoas titulares das direccións xerais ou das secretarías xerais técnicas. Cando dependan das secretarías xerais técnicas terán a denominación de vicesecretaría xeral.

32. En base ao artigo 34 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas secretarías territoriais:

- a) En cada delegación territorial existirá unha secretaría territorial baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, con nivel orgánico de xefatura de servizo.
- b) En cada delegación territorial poderá existir unha ou varias secretarías territoriais baixo a directa dependencia xerárquica das persoas titulares das secretarías xerais.
- c) En cada delegación territorial existirá unha secretaría territorial baixo a dependencia orgánica e funcional dos delegados territoriais, con nivel orgánico de subdirección xeral.

33. En base ao artigo 36 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos servizos e outros órganos e unidades administrativas de nivel inferior:

- a) Corresponden aos servizos, ademais das competencias específicas que teñan atribuídas nos decretos de estrutura orgánica, as funcións de informe e proposta das cuestións pertencentes ao seu ámbito competencial, así como funcións de planificación, coordinación, dirección e control das unidades administrativas deles dependentes.
- b) Corresponden aos servizos e a outros órganos e unidades administrativas de nivel inferior as competencias específicas que teñan atribuídas nos decretos de estrutura orgánica.
- c) As unidades administrativas que conforman os servizos constitúen órganos de apoio aos órganos de dirección de cada consellería, ás que lles corresponden as competencias específicas que teñan atribuídas na norma reguladora en materia de emprego público.

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

34. De acordo co artigo 37 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as instrucións emitidas polos órganos da Administración xeral de Galicia e polas entidades instrumentais públicas:

- a) Considéranse ditadas no exercicio da potestade regulamentaria.
- b) Non se consideran en ningún caso disposicións ditadas no exercicio da potestade regulamentaria.
- c) Consideraranse ditadas no exercicio da potestade regulamentaria cando sexan aprobadas por resolución dos órganos da Administración xeral.

35. De acordo co artigo 38 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as ordes serán asinadas:

- a) Pola persoa titular da consellería que en cada caso corresponda. Cando interesen a máis dunha consellería, revestirán a forma de ordes e serán asinadas conxuntamente polos conselleiros afectados.
- b) Pola persoa titular da consellería que en cada caso corresponda. Cando interesen a máis dunha consellería revestirán a forma de decreto.
- c) Pola persoa titular da consellería ou pola persoa titular da entidade instrumental que en cada caso corresponda.

36. En base ao artigo 38 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os decretos serán asinados polo presidente da Xunta e referendados polo conselleiro competente por razón da materia. No suposto de competencias coincidentes:

- a) A proposta corresponderalle ao conselleiro da Presidencia ao que corresponde tamén designar as consellerías que deben participar na elaboración do respectivo proxecto.
- b) A proposta corresponderalle ao conselleiro da Presidencia, ao que corresponde tamén designar as consellerías que deben participar na comisión interdepartamental para a súa elaboración.
- c) A proposta corresponderalles aos conselleiros interesados, co referendo do conselleiro da Presidencia, ao que lle corresponde tamén designar as consellerías que deben participar na elaboración do respectivo proxecto ou, de ser o caso, propoñer ao Consello da Xunta a constitución dunha comisión interdepartamental para tales efectos.

37. De acordo co artigo 39 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as resolucións administrativas non poderán vulnerar o establecido nun regulamento:

- a) Aínda que sexan ditadas por órganos de igual ou superior rango a aquel que ditou o regulamento.
- b) Salvo que sexan ditadas por órganos de igual ou superior rango ao que ditou o regulamento.
- c) Salvo que sexan ditadas por órganos de superior rango ao que ditou o regulamento.

38. En base ao artigo 40 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o impulso do procedemento para a elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Correspóndelle á dirección xeral que tivese a iniciativa normativa.
- b) Correspóndelle a secretaría xeral técnica da consellería que tivese a iniciativa normativa.
- c) Correspóndelle á consellería que tivese a iniciativa normativa.

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

39. En base ao artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na fase inicial do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Con carácter previo á elaboración do anteproxecto, substanciarase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.
- b) Unha vez elaborado o anteproxecto, substanciarase unha consulta pública previa a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.
- c) Substanciarase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto do anteproxecto para someter o proxecto ao trámite de audiencia.

40. En base ao artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na fase inicial do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, a consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto, solicitará a opinión:

- a) Da cidadanía acerca da necesidade de elaboración da norma, cando se trate de destinatarios da regulación proposta, e deberá alegarse a condición de interesados no procedemento.
- b) Da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.
- c) Das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, que valorarán exclusivamente a necesidade da súa aprobación.

41. En base ao artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala a afirmación correcta en relación co trámite de audiencia da fase intermedia do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) A decisión sobre o procedemento escollido para a audiencia será debidamente motivada no expediente.
- b) Nos trámites de audiencia e información pública, promoverase a participación cidadá no caso de proxectos organizativos ou que teñan repercusións orzamentarias.
- c) O trámite de audiencia e de información pública poderá ser abreviado ata o mínimo de dez días naturais cando razóns debidamente motivadas así o xustifiquen.

42. En base ao artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala cal dos seguintes documentos non corresponde á fase intermedia do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Informe da Asesoría Xurídica Xeral.
- b) Informe sobre o impacto por razón de xénero.
- c) Informe favorable da consellería, ou das consellerías, con competencia en materia de Administracións Públicas e Emprego Público, se se tratase de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico.

SUBGRUPO A1-TEMA 7-LOFAXGA-GALEGO

43. De acordo co artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na fase final do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, o informe da secretaría xeral técnica da consellería impulsora do proxecto:

- a) Emitirase cando sexa preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co esixido pola súa normativa reguladora.
- b) Pechará cronoloxicamente os correspondentes a esta etapa, agás cando sexa preceptivo o ditame da Asesoría Xurídica, caso no que se emitirá á vista deste último.
- c) Pechará cronoloxicamente os correspondentes a esta etapa, agás que sexa preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia conforme o esixido pola súa normativa reguladora, caso no que este será o derradeiro en solicitarse e emitirse.

44. En base ao artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na fase final do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, no caso dos proxectos de ordes:

- a) A aprobación definitiva polo titular da consellería impulsora do proxecto comporta a aprobación da propia orde e, con iso, o remate do procedemento.
- b) Unha vez aprobados definitivamente polo titular da consellería impulsora do proxecto, enviarase a todas as consellerías con carácter previo á reunión da Comisión de Secretarios Xerais en cuxa orde do día se vaia tratar o tema, para a súa aprobación polo Consello da Xunta.
- c) Unha vez aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, o presidente da Xunta dispoñerá a súa publicación oficial.

45. En base ao artigo 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para que produzan efectos, os regulamentos autonómicos deberán:

- a) Publicarse integramente no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado*, atendendo á materia de que se trate, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación.
- b) Publicarse integramente no *Diario Oficial de Galicia*, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación, salvo que se xustifique adecuadamente a urxencia, nese caso entrará en vigor aos sete días da súa publicación.
- c) Publicarse integramente no *Diario Oficial de Galicia*, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación, agás que neles se dispoña outra cousa.